

Señor Concelleiro de Cultura do Concello da Estrada (D. Juan Constenla), señor Presidente (D. Cesáreo Sánchez) e demais membros da “Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega”, autoridades aquí presentes, amizades do persoeiro homenaxeado, que hoxe nos xuntamos aquí na Estrada para homenaxear coa XXVIII edición de “O Escritor na súa terra. Letra E”, inefábel e admirado amigo Xosé Manuel Martínez Oca.

Cando o amigo Cesáreo me chamou por mor de se eu puider facerlle a “laudatio” a Xosé Manuel Martínez Oca, de súpeto, pensando no amigo Xosé Manuel dixen que si, que a nosa amizade e a miña admiración de tempos ben merecía correr ese risco; mais, pasado un tempo, decateime que a empresa non era doada. Loar a un amigo conleva moitos riscos, e dous son os que máis me intrigaron: dende logo que o primeiro era o de non poder estar á altura do acto, e segundo, que moitas das virtudes, valores e méritos do homenaxeado ficasen fóra da miña disertación... Pero, non había volta atrás e daquela imos ver como facelo para que o autor quede á altura merecida e un servidor o menos mal que puider, e tamén agardar certa misericordia.

De onde vén o meu coñecemento e posterior amizade con Xosé Manuel? Pois corrían os días do ano 1980, recén rematada a miña carreira, cando me acheguei á sombra amigábel do meu veciño David Ovidio García Insua, fillo de D. Manuel García Barros, buscando a súa axuda por mor de me mergullar nun proxecto que me levaba xa un par de anos batendo nos miolos: o estudo en profundidade da vida e obra daquel home que me tiña dedicado fondas palabras naqueles anos 60 dende debaixo daquela viña que acompañaba á vella congostra que pasaba a rentes da súa casa, da casa de “Ken Keirades”. Na miña idea estaba o de desenvolver a chamada daquela “Tesina” verbo de Manuel García Barros so a dirección do “vello profesor” D. Ricardo Carbalho Calero, algo que non puido pasar das primeiras xuntanzas entre o dous por mor da súa xubilación. O proxecto quedou en idea, pero a idea que eu tiña de D. Ricardo dende logo que se viu ben incrementada a partir daquelas xuntanzas. Daquela, David Ovidio, aquela entrañábel persoa, aquel elo con seu pai, faloume dun seu curmán algo lonxano que estaba a escribir, e “*moi ben por certo*” -como non se cansaba el de repetir-, na nosa lingua, un tal “Martínez Oca”. E así foi como comezaron os meus primeiros achegos á figura de Xosé Manuel Martínez Oca: primeiros achegamentos que hoxe se denominarían “virtuais”.

Primeiro encontro: de cando en vez o nome deste autor volvía a tomar corpo nas nosas cada vez máis continuas e fluídas conversas ate que un día

me estaba agardando á porta da casa cun libro na man para me emprestar: *A Fuxida*. Aquelas mans trementes, coido que por mor da ledicia, puxeron nas miñas a primeira obra importante de Xosé Manuel e dende logo a miña primeira toma en contacto coa súa obra que estaba a dar as primeiras alancadas. Alá me vou para a miña casa e me mergullo na lectura e posterior identificación coa obra.

Segundo encontro: Xosé Manuel mais eu seguíamos a non ter o pracer de falarmos directamente. E será no curso 1982-83, cando no IES Sánchez Cantón de Pontevedra o Departamento de Lingua e Lit. Galega puxemos como obra de lectura *A chamada escura dos caborcos* a aquel alumnado de 1º de bacharelato, as primeiras xeracións de alumnado que estaba a convivir nas aulas coa nosa lingua e literatura, e foi cando me dirixín á lendaria librería Michelena para mercar a obra e mergullarme nela e captar unha nova visión literaria deste autor veciño e, porque non, tamén ver a dimensión que a nosa aldea, para un aldeán de sempre coma min, tiña e a chamada que podía fornecer en oposición a aquelas cidades castelás e antigalegas... e tamén para vivir un mundo daquelas personaxes que habitaban as augas puras e cristalinas: as Xanas, que eu até daquela ignoraba honradamente que eran e que significaban.

Pero, o autor seguía a ser recoñecido, a escribir e a publicar decotío e o meu apartado da biblioteca persoal seguía a aumentar verbo da obra de Martínez Oca (*Os Chapurros, Beiramar, A Espada na auga...*) pero faltábame o máis importante, que era encontrarme co autor. E non sería ate o setembro do ano 87, cando a animosa e comprometida “Asociación Cultural A Estrada” programou o “1º Simposio de Literatura Galega Estradense” onde tiven a honra de compartir actividade co amigo Xosé Manuel precisamente falando da vida e obra de Manuel García Barros. Aínda lembro como naquel simposio o “vello profesor” D. Ricardo Carballo Calero falou noutra xornada tamén da nosa literatura estradense. Hoxe o “vello profesor” tamén tería que falar fondamente de Martínez Oca, dende logo.

E postos a voltas coa “Laudatio”, pois eu quixese facer dúas “laudatio”: por unha banda da persoa, do autor e unha segunda da súa importante obra literaria.

E como foron os primeiros andares de Martínez Oca polos vieiros da nosa literatura? Xa dende cativo amosou unha temperá tendencia cara a escrita... el mesmo recoñeceu que con nove anos escribiu a súa primeira poesía... Supoñemos que puider ser circunstancial, pero o simple feito de empregar a escrita é unha clara mostra de que na xenética daquel cativo nos comezos

do anos cincuenta había certo compoñente literario que máis cedo ou máis tarde tería que agromar, como así será.

Pero esta temperá tendencia vai confluír nesta mesma década co seu achegamento ao seu tío-avó, Manuel García Barros. Ás mans deste ávido cativo van chegar das mans do mestre os catro tomos da “*Escolma da poesía galega*” de Álvarez Blázquez; “*Antífona da Cantiga*” e “*Samos*” de Cabanillas; “*Galicia no espello*” de Fdez. Del Riego e despois “*Os camiños da vida*” de Otero Pedrayo, “*Os vellos non deben de namorarse*” de Castelao, obras de Cunqueiro, Daniel Cortezón, Franco Grande... como *Vieiro choído*...

Pero algo si temos que xa salienta dende xa e a carón das anteditas lecturas é o seu compromiso co noso idioma, un compromiso idiomático que tivo o seu alicerce no seu familiar García Barros. A fins dos anos cincuenta e comezos dos 60 Xosé Manuel será un dos “*escribentes*”, dos que lle pasaban á máquina os escritos a García Barros e del lle falou nunha misiva ao seu amigo ourensán Bieito Fernández:

*“Ó bisobriño mandeille uns traballos vai pra dous meses, porque il me dixo que llos mandara, e inda estou á espera de resultado. Seica ademais dun emprego que colleu, enrédase cun preódico ou non sei que cras de pubricazón, anque supoño que galeguista non será, anque il, o sobriño, escribeme nun galego bastante aceitábele. (Gracias a min, naturalmente, que, como a outros máis os fun traguendo ó bo camiño)”* (xullo do 60)

Algo que o propio Xosé Manuel deixou testemuñado, xa que ademais de lle emprestar obras da literatura galega, tamén o fixo partícipe da propia:

*“Pero talvez o máis importante para me familiarizar coa escrita do noso idioma foi cando lle empecei a axudar a meu pai a pasar a máquina os seus textos manuscritos (de García Barros), dos que faciamos copias e máis copias, único medio entón dispoñible para lles dar a coñecer ós amigos as cousas que el escribía”*.

E que ademais o inmisciou de cheo no compromiso co noso idioma. Cando lle preguntaron se o feito de ser parente de García Barros o obrigara co noso idioma e a nosa literatura, el respostou:

*“Non é que me obrigase, é que creo que foi un dos condicionantes máis importantes á hora de me inclinar polo terreo da literatura. El foi quen me*

*proporcionou as miñas primeiras lecturas en galego. A el foi a quen primeiro lle mostrei algunha cousa escrita por min. E a el débolle o ter cambiado o idioma de relación cun grupo de amigos ourensáns, cos que aínda agora sigo a manter unha grande amizade, grupo no que, por indicación súa, en lugar do castelán decidimos ter o galego como lingua de relación habitual a fins dos anos cincuenta do século pasado. ”*

El mesmo chega a renegar do seu compromiso temático e di que o seu compromiso sempre foi coa lingua galega e dixo “*aí atopábame co problema de que aquela xente a quen quería chegar era analfabeta no seu propio idioma*”. Polo tanto aí imos ter os seus dous básicos alicerces literarios: o compromiso co noso idioma e coas nosas xentes. Pero sempre salvagardando a súa liberdade individual, para xamais enmarcarse porque os marcos a fin de contas van ser símbolos de límites e el non quería estar limitado, el quería ser un ser coma moitos dos seus personaxes: libres no medio da natureza. E sempre presumiu disto.

*“Eu andaba, e andei, sempre ó meu aire.”*

E con estas premisas persoais teremos que situar os inicios de Martínez Oca na andaina novelesca, unha narrativa que a partir dos anos oitenta vai marcar un antes e un despois nun espectacular desenvolvemento totalmente favorecido por unhas circunstancias especiais inherentes ao desenvolvemento social que se estaba a producir no país: a escolarización en galego, a convocatoria de premios e concursos literarios, a divulgación literaria promovida pola publicación de páxinas xornalísticas e, dende logo que a calidade literaria reflectida tanto aquí como alén as nosas fronteiras. Tampouco podemos obviar o pasado, porque as bases establecidas polos nosos grandes narradores anteriores aos 80, a propia “Nova narrativa Galega”... non eran máis ca un rexo cimento onde estes novos creadores se tiñan que sustentar.

Xamais a obra destes autores e autoras dos anos finais da ditadura e comezos da democracia vai ter un xusto recoñecemento, quizabes porque á literatura lle ocorrese algo semellante ao que estaba a ocorrer coa sociedade, unha evolución demasiado rápida, pero esta literatura foi fundamental polo que respecta á aparición de novas variantes literarias, que noutros idiomas xa estaban consolidadas, e que a nosa xuventude, moi especialmente o noso alumnado que se estaba a enfrontar a esta nova realidade nas aulas, necesitaba. Foi un verdadeiro pulo e unha verdadeira

axuda para nós, os ensinantes, porque xa necesitabamos que fosen xurdindo de contino obras como *A Fuxida*, *A nosa cinza*, *Das cousas de Ramón Lamote*, *Fábula...* algo que axudou fundamente na nosa normalización literaria e lingüística.

Xamais recoñeceremos en profundidade a importancia que tiveron Martínez Oca e demais coetáneos coa súa literatura para o ensino nas primeiras clases de Lingua e Lit. Galega, e non soamente nos estamos a referir a aquel salto cualitativo e cuantitativo senón que a aquelas temáticas actuais que nas máis das veces inda eran pura utopía... e moitas das veces temas que pasaban inadvertidos para as novas xeracións da época... o que viña a ser un incentivo máis para que a rapazada se inmiscise na lectura e especialmente na lingua de noso. Como nos imos esquecer da voracidade lectora que o noso alumnado mostraba lendo *A Chamada escura dos caborcos*, *A Fuxida...* *A nosa cinza* (de Alcalá) e outras ben máis desta nova xeira literaria, inda que para esta rapazada for o máis importante a temática. Temas coma o sexo, a decadencia xa da aldea e de todo o que conlevaba a nivel social e cultural, a observación da natureza de noso, a emigración coas súas consecuencias persoais e sociais, os problemas industriais como a reconversión industrial, a incultura das xeracións maiores... En resumo, uns temas demasiado importantes para os anos setenta e oitenta e que levaban a que a nosa literatura andase polas aulas, polas casas, nas carteiras do noso alumnado...

E aquí estará Martínez Oca, coa súa pluma, se non tan “insumisa” coma o seu mestre literario e lingüístico, García Barros, pero ben “esgarabellante” e orientativa. Atrás quedaran aqueles versos primixenios, atrás quedara o seu teatro, do que, inda que premiado, renegou ao velo representado. E perante súa a narrativa, curta e longa, na que verquerá todo o seu saber e toda a súa arte literaria.

E como segunda “laudatio”, pois reservaría para a súa obra literaria.

E claro que perante esta realidade que vimos de amosar, Martínez Oca para nada vai ser alleo xa que a súa obra, como antes dixemos, vai andar polas nosas aulas, vai acadar premios literarios e vai ir acadando esa calidade que vai levar ao longo dos anos á universalización da literatura de noso. Perante o grande abano que se nos abre literariamente falando xa non só formal senón que tamén temático, imos achar a un Martínez Oca do máis inmiscido naquela temática realista centrada na problemática da propia identidade do ser galego, con personaxes que viven atrapados na dialéctica entre o rural e o urbano, que tamén poderemos achar en grandes plumas posteriores coma a de Manolo Rivas ou o propio Suso de Toro. Non temos

máis que observar aos protagonistas de *A Chamada Escura dos Caborcos* debaténdose entre a montaña e a cidade, algo que xa o propio autor nos adianta á obra cuns versos do propio Uxío Novoneira.

A súa obra, da que xa fomos dando pequenas pinceladas e títulos, vai ser unha literatura con dúas características a priori, como vai ser a súa abundancia, non fuxindo a ningún dos xéneros, aínda que ao final a súa pluma rematou centrándose moi especialmente na narrativa, e por outra banda os prontos recoñecementos a nivel literario galego con diferentes e importantes premios. Eu coido que para Xosé Manuel, se lle preguntásenos pola preferencia dalgún premio, de seguro que faría coma un pai, que todos os fillos son iguais, pero eu vou atreverme a me mergullar no seu ego e agoiraría que o ser finalista do 1º certame do Blanco Amor con *A chamada escura dos caborcos* lle deu aquela satisfacción que ao mellor outros primeiros premios non acadaron nel, e o porqué coido que foi que nin máis nin menos que o seu premio foi ao carón da obra *A vila sulagada* daquel autor que o seu tío-avó lle fornecera como unha das primeiras lecturas: Daniel Cortezón.

Pois ben, a partir do 1980 as súas obras van xurdir coma fontes en plena primavera, unha tras outra, e imaxinamos que, inda que algunhas xa escritas despois do 75, serán os recoñecementos antes nomeados os que o van animar a seguir a crear e ver que esas fontes que abrollaban por todas as partes do seu maxín ían ser fornecedoras dun inxente caudal tan necesario para a normalización da nosa lingua e da nosa literatura.

Imaxinamos que dentro daquela liberdade individual da que falamos moitas eran as temáticas que fervían por cobrar vida novelesca na fantasía literaria do autor porque tamén moitas, ou demasiadas, eran as necesidades de contar e de facer chegar aos nosos lectores e lectoras e tamén moitas as necesidades dentro do seu compromiso e identificación.

E daquela variadas serán as temáticas, tantas coma os seus devezos por actuar coma un claro vate, coma un claro bardo en pleno século XX e máxime vendo, non con impasibilidade, os diferentes problemas que Galiza tiña por diante. Martínez Oca chega a negar o seu compromiso temático, como dixemos antes, delegando o seu compromiso co idioma, pero a emigración, os problemas sociais, a dicotomía aldea-cidade, a reconversión industrial... e outras moitas realidades non ían deixar que o autor se amosase inerte e que terminase concluindo naquel dito que Rosalía de Castro deixou plasmado no seu limiar a *Follas Novas*:

*“s'eu non poden nunca fuir âs miñas tristezas, os meus versos menos.”*

Pero aínda engadiría algo máis, e é aquela visión futura, unha intuición para nada errada, do autor que xa agoiraba a decadencia da nosa aldea, esa aldea símbolo do galego, da pureza e da virtude... o tempo foille dando a razón... agoiraba a dura situación industrial do noso país... e o tempo foille dando a razón... e así poderíamos seguir cos máis variados temas por el tratados.

Que o autor preferenciase o exemplo, o xenérico perante individualismos, amósao o feito que moitas das veces personaxes principais das súas obras aparezan innominados, porque para el o personaxe era a fin de contas un representante dun nivel social, dunha idea... e non un autorepresentante.

Tamén lle ocorreu a Xosé Manuel, o mesmo que a moitísimos creadores, que se sentisen frustrados polo trato dispensado polo sistema literario, valor que xa reinvidicamos anteriormente, moito máis para estes autores que, como anteriormente se dixo, representaron un papel primordial na época en que eclosionaron. Eu diríache, amigo Xosé Manuel, que a crítica moitas das veces vén promovida pola envexa e a envexa é froito da calidade.

Nunha desas reaccións coído que dicía máis ou menos un teu personaxe (*O vicio nefando*):

*“un escritor comeza escribindo como unha diversión, un modo de disfrutar co exercicio da escrita e terminas escribindo “porque estás fodido”, para que despois, polo que escribiches, te fodan os editores, os críticos, ou o público...”*

Pois mira, amigo Xosé Manuel: se intentan foderte é porque lles demostras calidade, senón pasarías desapercibido, dende logo, e non se entreterían en criticar nin infravalorar.

Pois ben, coas anteriores premisas a nivel persoal e a nivel literario, xa podemos facer unha laudatio xeral ao amigo Xosé Manuel dicindo ás claras que a nosa literatura do último terzo do XX e comezos do XXI xamais podería ser explicada sen recorrermos a plumas coma a de Xosé Manuel que nos deixou un fondo ronsel estético, temático e de compromiso con Galiza e moi especialmente co idioma de noso e que os que tivemos a fonda sorte de termos que participar naqueles banzos que a normalización da nosa cultura tivo que ir percorrendo tras a “longa noite de pedra” xamais poderíamos subir eses banzos sen obras coma as que saíron do maxín e da pluma do autor hoxe aquí homenaxeado e a proa do

seu barco literario cara as mil primaveras máis.

Xosé Manuel, eu persoalmente e até onde chegue a miña pobre representatividade dentro da nosa cultura galega, terei que che agradecer, como imaxino que o farán todas e todos os asistentes a este acto e todas e todos os lectores deste noso país e de fóra, que plasmases a túa arte literaria no noso idioma e que o teu nome así coma a túa obra ocupe ese lugar prominente na nosa cultura, que foses un exemplo de integridade, de compromiso e como ese elo continuador de xeracións anteriores e exemplo para xeracións vindeiras.

Os que tivemos a honra de coñecerte e de lerte teremos que che entregar moitas letras “E”, pero dicirche que me gustaría entregarche a letra “E”, a maiúscula, como amigo que tivo a honra de partillar espazo e tempo contigo e coa túa obra senlleira.

Ah, e tamén dicirche que ese bidueiro que acabas de cantar en terra estradense vai medrar propagando toda a simboloxía propia desta árbore: SABIDURÍA E ILUMINACIÓN. Dende logo que dende hoxe A Estrada vai ficar iluminada coa túa sabiduría focalizada nesta árbore senlleira.

E dicirche máis: que ti mais eu sabemos que hoxe, arestora, hai unha persoa de seguro que ollándonos que estará orgulloso de te ver no teu pobo coa letra distintiva de ESCRITOR. Manuel García Barros estará vendo que o que sementou en ti, o seu crer en ti, xermolou con forza. Como dicía José Martí: “Honrar honra” e hoxe honrámoste a ti e, de paso, ao labor galeguista do teu tío-avó.

Carlos Loureiro Rodríguez